



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E O CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CISUG) NO FINANCIAMENTO DE RECURSOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA EN LIÑA

Santiago de Compostela

### COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (CONSELLERÍA), nomeado mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7 de setembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG núm. 106, do 5 de xuño), actuando en representación do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), CIF Q1500428F e domicilio no Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela, en calidade de presidente do mesmo no momento da sinatura deste Convenio, segundo se establece nos artigos 10 e 12.2 dos Estatutos do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (DOG núm. 111, do 12 de xuño de 2018).





Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** As universidades do Sistema Universitario de Galicia (en diante SUG), son entidades que forman parte do sector público institucional que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que as configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

Que as universidades do SUG teñen como un dos seus obxectivos a busca da calidade científica e a materialización da transferencia tecnolóxica a partir de resultados científicos para a mellora do sistema económico e o benestar da sociedade galega, contando para isto con infraestruturas científico-tecnolóxicas e capital humano, claves para acadar esta calidade.

A biblioteca universitaria cobra gran importancia dentro da institución. As bibliotecas universitarias son as que experimentan un maior desenvolvemento no sentido dunha maior inversión en infraestruturas e equipamento reflectido na creación de novos edificios ou na ampliación e modernización dos xa existentes.

O concepto de biblioteca evoluciona e faino en maior medida no ámbito das bibliotecas universitarias e científicas. As bibliotecas electrónicas son, hoxe, unha realidade e permiten o movemento dos seus documentos facilmente entre os membros docentes e persoal investigador.

**SEGUNDO.-** As tecnoloxías da información e da comunicación e o uso xeneralizado das redes de comunicación propician o cambio de concepto de propiedade do documento polo acceso a el, e orixina un aumento da demanda de publicacións en soporte dixital. A información en formato electrónico permite





unha gran facilidade para a difusión dun volume de información a unha gran cantidade de usuarios.

Así, as adquisicións de recursos electrónicos por parte das universidades adoita realizarse a través de licenzas de acceso a coleccións completas ou partes, favorecendo a cooperación entre as bibliotecas universitarias, mellorando a eficacia grazas á unión de institucións co fin de optimizar os recursos comúns e rendibilizar as inversións.

É necesario favorecer e apoiar a calidade dos servizos bibliotecarios das tres universidades a través da cooperación interbibliotecaria no referido á adquisición e xestión dos recursos electrónicos de información científica, á aplicación de novas tecnoloxías da información adaptadas ós servizos bibliotecarios, ás conexións a redes nacionais e internacionais, etc, coa finalidade poñer a disposición de grupos de investigación, persoal docente e estudiantado un amplo abano de recursos de información científica en liña, entre os que se inclúen bases de datos, revistas electrónicas, libros electrónicos, xestores bibliográficos e ferramentas de xestión, entre outros, que resultan básicos no desenvolvemento dos seus traballos científicos.

**TERCEIRO.-** As universidades galegas viñeron instrumentando esta cooperación a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGALICIA), co obxectivo fundamental de apoio á calidade dos servizos bibliotecarios das tres universidades a través da colaboración interbibliotecaria, para o que a Consellería asinou anualmente convenios coas tres universidades colaborando no financiamento das actividades levadas a cabo.

**CUARTO.-** Ao abeiro da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, artigo 66, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, con data do 28 de maio de 2018 asinou un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura,



Educación e Ordenación Universitaria e as tres Universidades do SUG para a creación do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), xunto cos seus estatutos (publicado por Resolución do 1 de xuño de 2018 no DOG núm. 111 do 12 de xuño). Segundo establece o artigo 2 dos Estatutos, o CISUG estará adscrito á Universidade de Santiago de Compostela.

A sinatura deste convenio supón a integración no CISUG do Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGALICIA), que se fixo efectiva por acordo da Xunta de Goberno do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia na sesión celebrada o 28 de outubro de 2020, segundo consta en acta, nos seguintes termos: *“Ratificación, por unanimidade, da aprobación da orde do día do Consello de Goberno de 1 de outubro de 2019 na que se aprobou, por unanimidade, o acordo de disolución e integración do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGALICIA) por absorción e cesión global de activos e pasivos ó Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG). Dita aprobación quedou condicionada á adopción do acordo de integración polo órgano competente do CISUG. Na reunión de Xunta de Goberno do CISUG, con data de 22 de setembro de 2020, aprobouse por unanimidade a proposta da data de efectividade da disolución e integración de BUGALICIA por absorción de activos e pasivos no CISUG con data de 1 de novembro de 2020.”*

**QUINTO.-** No artigo 4 dos Estatutos do CISUG, establécense, entre outros fins, os seguintes:

- *Desenvolvemento de proxectos colaborativos que redunden nunha maior eficiencia, eficacia ou consecución de fins de interese común do Sistema Universitario de Galicia, ben con fondos propios dos membros do Consorcio ou con achegas de calquera outra entidade pública ou privada nacional ou internacional con que se considere de interese colaborar.*





- *Adquisición, de xeito centralizado, de ferramentas informáticas, material científico ou bibliográfico ou calquera outra subministración ou servizo que comporte aforro para o conxunto do Sistema universitario de Galicia.*

**SEXTO.-** A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes a esta consellería. Mais concretamente, e segundo dispón o artigo 9.1.d) correspóndelle a promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia para a súa posta en valor no marco do Sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) para o financiamento das accións que supoñen a xestión dos recursos de información necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos do persoal investigador e do persoal docente das universidades do SUG por medio das bibliotecas universitarias.





Trátase de poñer a disposición dos grupos de investigación, do persoal docente e do estudiantado un abano de recursos de información científica en liña (bases de datos, revistas electrónicas e e-books) que resultan básicas para o desenvolvemento do traballo científico e docente.

Para tal fin, as universidades realizan unha xestión centralizada de recursos electrónicos de interese científico a través do CISUG que supón unha mellor posición fronte ao mercado, pois permite acadar acordos de maior envergadura dos que serían posible a nivel individual, o que reforza a capacidade de negociación á hora de obter beneficios no trato e unha mellora orzamentaria nos acordos de adquisición de información electrónica.

## **SEGUNDA.- Contía da axuda**

A axuda irá destinada a subvencionar parte do custo das universidades galegas dos recursos de información científica en liña (bases de datos, revistas electrónicas e e-books) e do soporte ás novas tecnoloxías nos servizos bibliotecarios universitarios, recursos accesibles tanto a persoal docente como investigador das universidades galegas.

A dotación para este convenio é de 1.670.331 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (2016 00129) no marco do Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2016-2020, que se atopa prorrogado ao abeiro do disposto no artigo 36 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Esta cantidade de 1.670.331 € trátase dun importe certo, e queda por conta da parte beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado ao financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade.





A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **TERCEIRA.- Compromiso das partes e obrigas**

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a colaborar co CISUG no financiamento para a adquisición centralizada de recursos electrónicos de interese científico.

O CISUG comprométese a contratar modelos comerciais de acceso cruzado que permiten que as revistas subscritas por unha biblioteca poidan ser accesibles tamén polo resto de bibliotecas asociadas, garantir o acceso perpetuo ás coleccións nucleares e a xestionar unha maior cobertura de acceso.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

### **CUARTA.- Fórmula de pagamento**

O pagamento, único, realizarase contra a presentación, antes do 30 de





novembro de 2021, por parte do CISUG dunha memoria na que se dea conta do destino da achega e da certificación expedida polo órgano de control correspondente do CISUG na que se dá toma de razón en contabilidade da achega. Especificarase o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos pagamentos.

Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter débedas coas administracións, así como unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.

#### **QUINTA.- Responsabilidade**

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

#### **SEXTA.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, creárase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Dous membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un actuará como presidente.
- Dous membros do CISUG.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do





establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establece no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

### **SÉTIMA.- Publicidade**

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o CISUG consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

As reservas que puideran facer no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou á publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que





os datos persoais que consten no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **OITAVA.- Natureza do convenio**

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público dado que é preciso dar resposta ás necesidades do persoal docente e do persoal investigador das universidades galegas de ter acceso aos contidos das publicacións científicas en soporte dixital. Esta acción esténdese ás tres universidades galegas como integrantes do CISUG para fomentar a xestión compartida dos contidos, acceso, distribución e almacenamento dos recursos electrónicos das novas bibliotecas dixitais, non sendo necesario promover a concorrència competitiva.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e





realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, neste caso a través do CISUG, a coordinación e cooperación, como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante o CISUG deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á consellería por medio da comisión de seguimento.

#### **NOVENA.- Vixencia do convenio**

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2021 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará





fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederáse á revogación das axudas, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Antonio López Díaz  
Reitor da Universidade de Santiago (USC) e Presidente do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG)

